

**O Cooperativismo no mar:
Evolución Histórica.
Situación Actual e Potencialidades**

Conclusións Xerais

Índice

ÍNDICE.....	3
INTRODUCCIÓN.....	4
CONCLUSIÓNS XERAIS AO ESTUDO "O COOPERATIVISMO NO MAR: EVOLUCIÓN HISTÓRICA, SITUACIÓN ACTUAL E POTENCIALIDADES".....	8
ANEXO: FICHA TÉCNICA DO SEMINARIO DE TRABALLO.....	16

Introdución

O estudo "O Cooperativismo no mar: evolución histórica, situación actual e potencialidades" foi elaborado a instancias da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (Xunta de Galicia), ao longo do ano 2007. Formulado cun marcado enfoque estratéxico, a súa realización pretende contribuír a orientar unha actuación de apoio e promoción do cooperativismo como ferramenta de desenvolvemento social e económico no sector do mar. Inscibíndose, neste sentido, no desenvolvemento do Plan Estratéxico para o Cooperativismo.

O estudo formulábase os seguintes obxectivos:

- **Realizar unha aproximación á historia** do cooperativismo no mar, e outras formas organizativas baseadas nos principios democráticos e solidarios do cooperativismo, como exercicio de contextualización dos factores explicativos das condicións de posibilidade destas experiencias.
- **Realizar unha descrición da situación actual das cooperativas** no sector do mar, e, **desde un enfoque prospectivo, trazar as liñas de acción** que serían máis pertinentes para constituírense en ferramenta efectiva de desenvolvemento económico e social do sector.
- **Incorporar o coñecemento, o criterio e a participación** dos distintos axentes do sector: cooperativas, expertos, asociacións profesionais, confrarías, técnicos das Administracións, etc. E, ao mesmo tempo, contribuír á súa implicación no proceso e na implementación das liñas de traballo resultantes.

- **Favorecer a difusión dos contidos do estudo** mediante a elaboración de informes en linguaxe clara, sintética, gráfica e empregando soportes que poidan ser consultados a través da rede e de forma dinámica.

O desenvolvemento destes obxectivos concretouse a través da combinación de metodoloxías propias das diferentes perspectivas de investigación. En concreto:

- Para a **análise da historia** do cooperativismo no mar: recompilación e tratamento de datos estatísticos e documentais, e análise de experiencias de referencia, a través da realización de entrevistas a informantes clave.
- Para a **análise descritiva da situación actual**: implementación dunha enquisa dirixida ao conxunto de cooperativas activas no sector do mar. Con este obxecto, deseñouse un cuestionario xenérico para todas as empresas identificadas, e unha serie de cuestionarios específicos, en función dos subsectores nos que se dividiu ao universo de cooperativas do mar.

Esta perspectiva de análise foi reforzada coa elaboración dun informe descritivo sobre a realidade sectorial do ámbito do mar en Galicia.

- Para a **análise prospectiva**: realización de entrevistas en profundidade a un total de 28 persoas que, en función da súa experiencia vital e/ou profesional, foron consideradas como "informantes clave". Estas persoas aportaron ópticas

diferenciadas en función dos seguintes ámbitos de referencia: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, cooperativas e outras entidades do sector do mar, Universidade, e entidades que traballan no apoio ao cooperativismo en Galicia.

- Para a **implicación e participación do sector**: organización dun seminario de traballo ao que se convidou ao conxunto de persoas e entidades participantes nas distintas fases do estudo, así como a outros axentes, co obxectivo de realizar unha integración das tres perspectivas nun corpus final de conclusións.

Unha vez rematado o proceso de estudo para cada unha das perspectivas de investigación, procedeuse á elaboración dun informe específico en cada caso; que daba conta tanto dos datos recabados, como da súa análise e das conclusións ás que dera lugar. Eran, en concreto:

- Informe da análise histórica.
- Informe da enquisa ás cooperativas do Mar.
- Informe de conclusións ás entrevistas en profundidade.
- Informe da análise do sector do mar en Galicia.

Este corpus de conclusións serviu de base para a realización do Seminario de Traballo, o día 7 de novembro de 2007, nas instalacións do Instituto Galego de Formación en Acuicultura. Neste Seminario realizouse unha presentación dos resultados obtidos na investigación e, a continuación, un contraste dos mesmos desde a perspectiva dos/das participantes.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

O presente documento describe as conclusións xerais para o estudo sobre o Cooperativismo do Mar e as tres perspectivas de análise contempladas, apoiado nas formulacións que se concretaron neste Seminario. Para maior claridade, inclúe un anexo no que se detalla a estruturación e participantes no mesmo.

Conclusións xerais ao estudo "O Cooperativismo no mar: evolución histórica, situación actual e potencialidades"

- O modelo da empresa cooperativa ten unha tradición visible no ámbito do mar en Galicia, que ten os seus alicerces na constitución dos Pósitos de Pescadores nas primeiras décadas do século XX. Destaca o feito de que os Pósitos galegos chegasen a supoñer en 1935 un terzo do total dos rexistrados no Estado. O estalido da Guerra Civil marca un brusco freo a esta actividade.
- A partir da década de 1940 rexístrase a creación de cooperativas no ámbito do mar. Entre 1945 e 2005 o número total de cooperativas constituídas foi de 234, identificándose como activas no momento da realización do estudo un total de 35. O número de cooperativas do mar creadas neste período é significativamente menor en comparación coa dinámica rexistrada noutros sectores, como o da agricultura, a gandería, etc.; en concreto, supón tan só o 6,4% do total de empresas cooperativas rexistradas nestes 60 anos.
- Cómpre destacar, a este respecto, que a constitución de cooperativas non seguiu unha pauta constante, senón que visibiliza diferentes "momentos" de maior ou menor actividade. As décadas dos 60 e dos 80 mostran unha especial actividade, por canto máis da metade do total de empresas constituídas no período analizado sitúase nestes anos. Seguiron, nun primeiro momento, un obxectivo de aproveitar apoios ou instituír normas para unha explotación racional, e concentráronse no ámbito dos armadores, da comercialización e do marisqueo. E buscaron, nun segundo momento, unha maior profesionalización e optimización dos recursos, concentrada no sector do marisqueo e a acuicultura.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Do mesmo xeito, a creación de empresas cooperativas mostra unha distribución xeográfica desigual, por canto é a área das Rías Baixas a que concentra un maior número de casos nos 60 anos considerados. No que toca a súa distribución por Concellos, destacan os de Foz (con 22 casos), Cangas (con 21), Vigo (con 17) e A Coruña (con 12).
- Ate a década dos 70 non se rexistran as primeiras tentativas de ordenación da explotación dos recursos pesqueiros, centrada no uso das artes de pesca; destacando a regulación e ordenación dos cultivos mariños a través da Lei de 1984. A política pesqueira presenta, en esencia, un perfil de baixa intensidade ate mediados os anos 80. É a partir da última década do século no que a consolidación da Institución Autonómica, e o contexto internacional, levan a unha intensa actividade legislativa e planificadora.
- É por isto que podemos pensar que os momentos de maior actividade na creación de cooperativas (décadas dos 60 e 80) semellan unha resposta ás necesidades e oportunidades percibidas nun marco político-Institucional pouco visible, e nunha realidade sectorial definida especialmente pola fragmentación, a sobreexplotación e a falta de referentes de desenvolvemento.
- Na actualidade, o cooperativismo no mar visibiliza un tecido de empresas integrado, con frecuencia, por un número reducido de socios e socias por cooperativa; ao tempo que supón unha proporción moi baixa do conxunto de entidades do sector. Destaca, pola contra, o amplo abano de actividades nas que está presente (empresas armadoras, comercialización ao por maior, venda polo miúdo, acuicultura, estiba e desestiba, construción e reparación

naval, outros servizos).

- Estas cooperativas mostran, agregadamente, unha dinámica de crecemento no número de socios e socias que as integran (aínda que non son infrecuentes os casos nos que a evolución é á inversa); creando emprego asalariado para un 26,5% dos seus traballadores e traballadoras. Aínda que existe unha proporción significativa de "persoas xurídicas", a estrutura societaria confórmasse principalmente por persoas "físicas".
- Resaltar, tamén, que conforman unha realidade moi heteroxénea no que toca a súa dimensión, estrutura de capital e volume de negocio. Polo xeral, a dimensión (capital) tende a ser reducida, aínda que destacan no sentido contrario os subsectores da construción e reparación naval, da acuicultura de peixes e mariscos e dos armadores. A tendencia é, en boa lóxica, que a maior dimensión (capital) maior volume de negocio. Cómpre destacar que as expectativas de incremento da cifra de negocio son consideradas como favorables nun 70% dos casos; aínda que sendo, en xeral, máis frecuente o caso de obter beneficios, nos últimos anos tende a equipararse o número de cooperativas con perdas e con beneficios.
- Por todo isto, cabe valorar que o cooperativismo segue, a día de hoxe, á procura dun papel máis activo no ámbito do sector do mar, que o equipare ao peso que pode ter noutros ámbitos da economía galega.
- As diversas perspectivas de análise incorporadas ao presente estudo permiten afirmar que a natureza empresarial das cooperativas, así como a súa presenza en diversas áreas de actividade, constitúenas como un recurso de primeiro orde de cara

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

ao desenvolvemento económico e social do sector. Máxime nun momento no que a evolución do sector e os requirimentos do mercado formulan o reto de incorporar estratexias de agrupación e vertebración para moitos dos axentes que operan no mesmo.

- Así, o cooperativismo é valorado en xeral como unha fórmula empresarial con gran capacidade para integrar a un tecido fragmentado de axentes; ben á hora de acometer as inversións necesarias, ben para ter unha presenza naqueles procesos que confiren un maior valor engadido ao produto.
- Destácase, especialmente, o seu potencial e viabilidade para os ámbitos da pesca de baixura e do marisqueo, no que achega un esquema societario próximo, e polo tanto asimilable, ás súas estruturas tradicionais de explotación. Neste sentido, as cooperativas conforman un marco no que asumir colectivamente un esquema máis racional, viable e profesional de produción; apostando pola mellora das condicións laborais e a xeración de riqueza. Un marco no que defender, ao tempo, a sustentabilidade do recurso na súa explotación a través de prácticas consensuadas. As cooperativas son consideradas, ademais, polo seu potencial para incorporar aos axentes sectoriais ao conxunto do ciclo produtivo (desde a extracción ate a comercialización).
- Doutra banda, a empresa cooperativa ten demostrado a súa viabilidade naqueles ámbitos de actividade que requiren de proxectos empresariais de gran dimensión económica e empresarial, tal como o dos armadores, a construción e reparación naval.
- Non obstante, cómpre recoñecer que o peso e evolución histórica do cooperativismo no mar ten provocado un descoñecemento

tanto dos seus potenciais como das condicións de posibilidade nos que se asenta a súa mellor viabilidade. O que se concretou na visibilización de experiencias negativas e nunha certa imaxe negativa para a empresa cooperativa; así como nun apoio e promoción insuficiente desde o ámbito Público.

- Resulta, neste sentido, significativo que entre o ano 1990, no que se inicia unha intensa actividade legislativa e planificadora da Administración Autónoma para o sector, se teñan constituído tan só 26 cooperativas (fronte a un total de 126 entre as décadas 60 e 80). A falta de mentalidade e iniciativa empresarial presente, na actualidade e historicamente, en gran parte do sector non é desde logo allea a esta situación.
- Outro efecto desta traxectoria pode constatarase na reducida presenza do cooperativismo nos espazos de representación do sector, ou en redes asociativas ou de agrupación profesional/empresarial. O mesmo cabe afirmar da escasa capacidade das cooperativas do mar para conformar estruturas de segundo nivel desde as que traballar agrupadamente pola defensa da viabilidade e necesidades deste modelo de empresa; nomeadamente no canto de dotarse dunha maior capacidade de interlocución coa Administración.
- A promoción do cooperativismo no mar pasa por tanto por conformar un marco Político-Administrativo que reforce as condicións de posibilidade para este modelo de empresa.
- Máis no concreto, pola revisión das concesións e autorizacións Administrativas para facilitar o acceso das cooperativas ás explotacións, así como pola procura dunha maior compatibilidade entre o Réxime Especial do Mar e o Réxime Xeral da Seguridade

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Social que permita unha maior versatilidade na actividade que desenvolven; e pola simplificación dos trámites que condicionan centralmente a realización das tarefas cotiáns dos/das cooperativistas (especialmente no relacionado cos que requiren dunha maior urxencia).

- O ámbito Público está tamén chamado a influír no desenvolvemento das cooperativas do mar, e do conxunto do sector, na medida en que garanta un ordenamento territorial do espazo no que se realiza a explotación dos recursos; que reforce a súa sustentabilidade, así como unha mellor compatibilidade entre as distintas actividades que se localizan no mesmo. O mesmo que a persecución activa das prácticas de intrusismo profesional e furtivismo.
- Mención aparte merece a necesidade de promover, desde a propia normativa e desde un traballo de intermediación, unha maior simbiose entre a figura das confrarías e a fórmula cooperativa; de xeito que se activen posibilidades de explotación empresarial aproveitando o potencial da mesma, e se preserven as funcións organizativas e de representación que desenvolven as primeiras. Por canto as confrarías poden ser un bo recurso cara ao desenvolvemento de cooperativas, semella preciso unha maior concienciación dos seus órganos e cargos directivos neste sentido.
- Noutra orde de cousas, o desenvolvemento das cooperativas no mar depende tamén da capacidade que teñan, en tanto que empresas, para adaptarse aos requirimentos que lles formula actualmente o mercado ao que se dirixen.
- Neste sentido, incídese na necesidade de promover unha maior diversificación das liñas de negocio, apostando especialmente polo

desenvolvemento de proxectos e iniciativas que incorporen innovación e calidade, e por unha maior presenza naquelas actividades que aportan un maior valor engadido. Cítase moi frecuentemente a comercialización como un ámbito a conquistar, sempre asociada a estratexias de xestión da calidade, así como o aproveitamento dos potenciais turísticos do sector.

- Asociado ao anterior, destaca a necesidade de apostar pola profesionalización e por prácticas de xestión eficaz e sostible dos recursos; rachando con esquemas de explotación que incidiron moi negativamente no sector.
- O desenvolvemento do cooperativismo no mar depende, en terceiro lugar, de diversos factores que no seu contexto inmediato poden determinar a viabilidade e a imaxe mesma das cooperativas como vehículo de desenvolvemento.
- Así, considérase necesario procurar experiencias cooperativas que incidan no incremento do nivel de rendibilidade da súa actividade e, polo tanto, contribúan á xeración e redistribución de riqueza.
- Esta cuestión aséntase, moi centralmente, no fomento do emprendemento empresarial no sector. E, no que toca ás cooperativas, no fomento dos valores societarios así como do coñecemento social das súas potencialidades e da súa natureza empresarial. Elementos que poden contribuír a unha mellor orientación do emprendemento.
- Máis aínda, semella necesario implementar liñas de asesoramento e apoio sostido, tanto no plano societario como produtivo, ás iniciativas cooperativas que podan poñerse en marcha; entre outras cousas co obxectivo de asentar referentes de éxito para o sector.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Concrétase así unha liña de actuación que require da actuación combinada da Administración e do conxunto de organismos que traballan a prol do desenvolvemento do sector, así como do tecido de entidades que agrupan ao cooperativismo.
- É por isto que cómpre enfatizar, finalmente, a necesidade de reforzar a capacidade do tecido cooperativo para incidir nunha interlocución construtiva co ámbito Público e con outros axentes; co obxectivo de promover este modelo de empresa e defender o seu papel no sector. Implementando prácticas que reforcen o nivel de vertebración entre as cooperativas, e a súa presenza activa nos espazos de representación e colaboración establecidos polos axentes do sector.

ANEXO: ficha técnica do Seminario de Traballo

O Seminario de Traballo para a presentación do "Estudo sobre o Cooperativismo do Mar: evolución histórica, situación actual e potencialidades", tivo lugar o día sete de novembro de 2007, entre as 10:30 e 14:00 horas, nas instalacións que o IGafa (Instituto Galego de Formación en Acuicultura) ten na Illa de Arousa.

Dentro do mesmo tiveron cabida tres mesas de debate para a participación dos expertos, axentes sectoriais e representantes da Administración convidados.

Nun primeiro momento, o Seminario abriuse cunha exposición en Plenario dos resultados obtidos a través das diferentes perspectivas de análise implementadas, desde unha presentación integrada dos mesmos. Esta presentación vertebrouse, deste xeito, desde tres vertentes diferentes:

- A relacionada coa dimensión produtiva das cooperativas do mar: a cargo de Purificación Alfonso, da cooperativa Ardora, Formación e Servizos.
- A relacionada coa dimensión económica e financeira das cooperativas do mar: a cargo de Constantino Gago, da cooperativa Xedega.
- A relacionada coa dimensión social e organizativa das cooperativas do mar: a cargo de Jesús De La Fuente, da cooperativa Cidadanía.

Posteriormente, procedeuse a distribuír de xeito aleatorio aos asistentes ao Seminario en tres mesas de debate.

Estas mesas tiñan como obxectivo a realización dun debate desde as distintas perspectivas presentes nos/nas participantes a partir dos datos presentados; e contribuír, deste xeito, a perfilar as conclusións xerais do estudo nun marco de contraste e devolución ao sector das súas orientacións.

Unha vez realizado este debate, os/as asistentes voltaron a xuntarse en plenario; sendo presentadas as achegas de cada mesa por un/unha portavoz. Para rematar, abriuse unha quenda de intervencións entre as persoas asistentes que permitiu afondar no contraste realizado.

Listado de asistentes ao Seminario de Traballo:

1. Lino Lema Bouzas (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia).
2. Susana Rodríguez Carballo (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia).
3. Rosa Carballo Martínez (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia).
4. María Luz Lamas Ferreiro (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia).
5. Alberto de Coo Martín (Centro de Investigacións Mariñas. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia).
6. Miguel Lastres Couto (Instituto Galego de Formación en Acuicultura).
7. Ramón Carmelo Rodríguez Padín (Federación de Cooperativas Sinerxia).
8. Ana Calvelo Calvo (Mar de Lira, S. Coop. Galega).
9. Francisco Javier Castro García (Arpermar, S. Coop. Galega).
10. Ricardo Martínez Vidal (Arpermar, S. Coop. Galega).
11. Lidia Fuentes Moledo (Cies Artesanais, S. Coop. Galega).
12. Miguel Ángel Conde Otero (Amegrove, S. Coop. Ltda).
13. Pablo Devesa García (Amegrove, S. Coop. Ltda).
14. Casiano Iglesias Piñeiro (Loitamar, S. Coop. Galega).

15. Ricardo Figueiro Casas (Egrome, S. Coop. Ltda).

16. María Rita González Sestelo (Federación Galega de Confrarías).

17. Pablo Villar Martínez (Confraría de San Xosé de Cangas).